

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE DECEMBRO DE 2021**

Ás 13:05 horas do día 22 de decembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 17 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2 e 4)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Así mesmo informa que na Plataforma de Contratos do Sector Público consta presentada o 21 de decembro de 2021 ás 01:51 horas unha proposición de GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (lote 4 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática "Expedición submariña do Capitán Nemo") fóra do prazo de presentación de ofertas que remataba o 20 de decembro de 2021 ás 23:59 horas. En consecuencia, a Mesa acorda, por unanimidade, non admitir a referida proposición (cláusula 15.1 do PCAP "A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación").

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:12	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH44-C1DF2H-5CC78C-LB9V2P-ZUZVC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

"Documentación persoal" das demais proposicións presentadas, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. BARAFUNDA, S.L. (lote 6)
  2. BIGLAB, S.L.U (lote 8)
  3. ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2)
  4. FUNDACIÓN IGUAL ARTE (lote 1)
  5. IMAXINERÍA, S.L. (lote 1)
  6. KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3)
  7. VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7)
- b) Outorgar un prazo de tres días a BIGLAB, S.L.U (lote 5) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá emendar o DEUC se posúe solvencia técnica solvencia técnica suficiente, posto que a declarada é inferior ao importe esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP (70% da anualidade media do prezo do lote).
- c) Formular ao órgano de contratación a seguinte proposta:

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 3 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:12	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH44-C1DF2H-5CC78C-LB9V2P-ZUZVC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de decembro de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 20 de decembro de 2021.

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral presentáronse as seguintes proposicións dentro do prazo concedido, que remataba o 20 de decembro de 2021 ás 23:59 horas, tal e como se indica no anuncio de licitación:

1. BARAFUNDA, S.L. (lote 6)
2. BIGLAB, S.L.U (lotes 5 e 8)
3. ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2)
4. FUNDACIÓN IGUAL ARTE (lote 1)
5. IMAXINERÍA, S.L. (lote 1)
6. KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3)
7. VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7)

Non se presentaron proposicións para o lote 9 "PASARRÚAS con música e baile".

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 22 de decembro de 2021, acordou non admitir a GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. no lote 4 "ANIMACIÓN NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática "Expedición submariña do Capitán Nemo" por ter presentado a súa proposición fóra do prazo indicado no anuncio de licitación (cláusula 15.1 do PCAP "A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación").

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que no lote 9 "PASARRÚAS con música e baile" deste procedemento non se presentou ningunha proposición e no lote 4 "ANIMACIÓN NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática "Expedición submariña do Capitán Nemo" non se presentaron proposicións dentro do prazo indicado no anuncio de licitación, procede declarar desertos ambos os dous lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar desertos o lote 4 "ANIMACIÓN NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática "Expedición submariña do Capitán Nemo" e o lote 9 "PASARRÚAS con música e baile" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:12	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH44-C1DF2H-5CC78C-LB9V2P-ZUZVC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2022 (9.105-335) por non terse presentado proposición ningunha dentro do prazo indicado no anuncio de licitación”.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos nos lotes 1, 2, 3, 6, 7 e 8 deste procedemento.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 11.- Propostas de adxudicación

##### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 5 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a xeración dun modelo 3d xemelgo dixital da cidade de vigo, integración de mobile mapping,*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:12	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH44-C1DF2H-5CC78C-LB9V2P-ZUZVC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



xeración de novos servizos gis 3d, formación gis 3d e subministro de licenzas para ampliar as capacidades do portal municipal de datos xeográficos onde se publicarán os datos e servizos 3d, coa seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 13/10/2021 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 13/10/2021 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 15/10/2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 18/10/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 18/10/2021, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 21/10/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 21/10/2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 54.999,55 €, que inclúe un IVE de 9.545,38 €, dende o 3 de xaneiro 2022 , segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

EXERCICIO	CONCEPTO	BASE	IVE	TOTAL	EXERCICIO
2022	OT2, LA4, PLATAFORMA SMART CITY, INMATERIAL	45,454.17 €	9,545.38 €	54,999.55 €	2022

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de decembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.	95 puntos



**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. (B-86.900.057), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L., o día 10 de decembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 14 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:12	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH44-C1DF2H-5CC78C-LB9V2P-ZUZVC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 30 de novembro de 2021 e co acordo da Mesa de Contratación do 10 de decembro polo que se outorgou ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. (B-86.900.057) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 44.958,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.802,76 euros.*
- b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*
  - *Realización dun proxecto de uso de modelos de Deep Learning preadestrados para extraer información de imaxes de PNOA para todo o municipio de Vigo*
  - *Subministro dunha licenza de ArcGIS Image Analyst for ArcGIS Pro Online Term durante 1 ano*
- c) *Non propón incremento das horas mínimas do servizo de asistencia técnica.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:12	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH44-C1DF2H-5CC78C-LB9V2P-ZUZVC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:12	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH44-C1DF2H-5CC78C-LB9V2P-ZUZVC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		